

## ELEANOR&PARK

A finais de marzo celebramos a nosa reunión de Club de Lectura despois da lectura de *Eleanor&Park*, de Rainbow Rowell.

Esta novela narra unha bonita historia de amor entre Eleanor, unha rapaza pouco común con serios problemas de autoestima e Park, un rapaz valente que sabe loitar polo que quere sen dúbidas nin temores.



A pesar de que *a priori* algunha xente era un pouco reticente a ler o libro por medo a un exceso de romanticismo, ao final todos e todas coincidimos en que se tratou dunha lectura entretida porque, a pesar de que o amor ten un papel fundamental no argumento, existen moitas outras cuestións igualmente relevantes que merecen a pena ser comentadas. Como a música que marca existencia cotiá dos protagonistas e que acaba por unilos.